

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: Bases curso de monitores de tempo libre

BASES DO CURSO MONITORES DE TEMPO LIBRE 2011

Co obxecto de que a xuventude deste concello participe no curso de “Monitores de tempo libre 2011” proposto pola Concellería de Xuventude, establécense as seguintes bases:

- O curso terá unha duración de 350 horas (200 horas lectivas + 150 horas de prácticas), a parte teórica impartirase segundo o seguinte calendario:

Febreiro 2011						
L	M	M	J	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						

Marzo 2011						
L	M	M	J	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Abril 2011						
L	M	M	J	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Maio 2011						
L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

- O horario dos cursos será o seguinte:

CURSO FIN DE SEMANA MONITORES	
DÍAS	HORARIO
Sábado	09:00-14:00 horas/16:00-21:00 horas
Domingo	09:00-14:00 horas/16:00-21:00 horas

- O número de prazas é de 25 por curso. Para que o curso se leve a cabo será necesario cubrir un mínimo de 15 prazas.

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: Bases curso de monitores de tempo libre

- O curso está destinado a rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. Será obrigatorio:
 - ❖ Estar en posesión de, polo menos, algún dos seguintes títulos:
 - o Graduado en educación secundaria, graduado escolar ou equivalente.
 - o Técnico auxiliar en formación profesional ou outro equivalente.
 - ❖ Estar censado/a, ou no seu defecto estudar ou traballar na cidade de Lugo, sendo necesario nestes dous últimos casos presentar documento que o acredite.
- O prazo de inscrición estará aberto dende o momento do seu anuncio ata o 23 de febreiro ás 19:00 horas.
- Para a matrícula é necesario presentar a seguinte documentación:
 - ❖ Fotocopia DNI
 - ❖ 2 fotografías
 - ❖ Fotocopia do graduado en educación secundaria, graduado escolar ou equivalente.
 - ❖ No caso de non estar censado/a en Lugo é necesario presentar a matrícula do centro de ensinanza ou documento que acredite estar traballando dentro do Concello de Lugo.
- Non se cubrirá ningunha inscrición se non se presenta toda a documentación citada anteriormente.
- A matrícula é de 50€ a ingresar no seguinte numero de conta 2091 0152 26 3110001309 unha vez admitido/a no curso. No ingreso indicarse nome, apelidos, DNI e “matrícula curso de monitor de tempo libre”.
- No caso de que unha persoa falte os dous primeiros días dos cursos daráselle de baixa e cubrirase o seu posto cunha persoa da lista de reserva.
- As prácticas necesarias para recibir o título realizaranse nas actividades desenroladas ou promovidas dende a Concellería de Xuventude, nun prazo dun ano a partir do remate da fase teórica do curso.

Concellería de Xuventude

SRC

Asunto: Bases curso de monitores de tempo libre

- Os/as participantes destes cursos terán preferencia ó realizar as prácticas ata o remate da fase teórica dos cursos de monitores posteriores.
- Se o número de solicitudes é maior que o número de prazas realizarase un sorteo aberto ao público que terá lugar no Centro Social Uxío Novoneyra o día 24 de febreiro ás 10:00 horas. Sacarase un número e incluíndo ese número contarase as 25 prazas do curso.
- Para acadar o título de monitor de tempo libre é obrigatorio asistir ao curso, podendo faltar como máximo o 20% das horas.
- A participación nestes obradoiros implica a aceptación íntegra destas bases.
- A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento dos cursos.
- Para máis información en relación coa actividade, os interesados poden chamar ó teléfono 982-297-496 ou dirixirse á Oficina de Información Xuvenil en horario de mañás das 10:00 ás 14:00 horas, e de tardes das 16:30 ás 19:00 horas de luns a venres.